

CIG-SAÚDE *inform*

Esiximos unha negociación da

CARREIRA PROFESIONAL

de boa fe e sen ambigüidades

CIG-SAÚDE rexeita o formato de negociación de **carreira profesional** que se está a desenvolver na mesa sectorial do SERGAS.

Na reunión da comisión técnica de carreira profesional celebrada o día 19 de xaneiro, o SERGAS segue sen aclarar os **aspectos básicos da carreira profesional**, fíxonos entrega dun documento con mais ambigüidades que certezas.

Ámbito de aplicación.

O documento do SERGAS recolle que a carreira será de aplicación ao persoal estatutario, sen

aclarar se este ámbito é de aplicación ao persoal Temporal.

O SERGAS quere **separar o ámbito de aplicación do ámbito de percepción do complemento, poden recoñecer o grao pero NON pagalo** .

CIG-SAÚDE esixe unha carreira profesional para todo o persoal: fixo e temporal. Para o persoal funcionario e laboral sen requisito de integración. Tamén para o persoal APD pendente do réxime extraordinario e integrado funcionalmente.

A carreira profesional é unha retribución complementaria recollida no artigo 43 do Estatuto Marco, ao igual que o complemento de destino ou o complemento específico. Polo que **é de aplicación a todo o persoal sen discriminación.**

Valor do grao.

O SERGAS segue ocultando canto vai valer cada grao.

CIG-SAÚDE esixe que o valor do grao sexa igual que a retribución que se percibe polo réxime extraordinario. Non imos consentir unha Carreira profesional discriminatoria.

Así mesmo esiximos que o SERGAS demande da Consellaría de Facenda unha **partida orzamentaria**

, que xa debería estar cuantificada, para que o persoal poida cobrar a carreira con **efectos do 1 de xaneiro de 2018**

, e non que o cobro deste complemento quede supeditado ás dispoñibilidades orzamentarias do ano 2019.

Réxime de encadre.

CIG-SAÚDE esixe que o persoal poida acceder ao grao de carreira que lle corresponda **en función da súa antigüidade**

, con un ano de permanencia no grao consolidado para poder acceder a un novo grao.

Esiximos a anulación do acordo asinado entre o SERGAS e as organizacións sindicais que só permite ao persoal acceder a **“UN SÓ GRAO”**.

Servizos Prestados.

CIG-SAÚDE esixe a valoración de todos os servizos prestados como fixos e temporais, e como persoal laboral das fundacións.

Infórmate.

Participa.

Non consintas unha Carreira Profesional que consolide os recortes, e que nos sitúe na cola do resto dos servizos de saúde.

[Descarga aquí en PDF.](#)